EXERCICIOS DE APOIO (SECCIÓN 12ª)

Volve a ler con atención o documento base desta sección e despois realiza os exercicios que veñen a continuación:

1.- Fundamentación teórica do principio de igualdade.

2.- A igualdade diante da lei: significado e limitacións.

3.- A igualdade de oportunidades e o seu fundamento.

4.- As críticas ás políticas sociais para a igualdade de oportunidades.

5.- Limitacións da igualdade de oportunidades.

6.- Necesidade de ir máis alá da igualdade de oportunidades.

7.- Dificultades para erradicar as discriminacións sociais.

8.- Razóns para a discriminación positiva.

9.- A necesidade dunha educación cívica de cara á igualdade.

10.- A desigualdade a escala mundial.

Respostas:

1.- O fundamento do principio de igualdade será a natureza racional humana, común e compartida, que converte ao ser humano nun fin último, dotado de igual dignidade básica (Kant). A Ilustración e as revolucións liberais burguesas estenderon este principio a todos os seres humanos que nacen libre e iguais.

2.- A igualdade diante da lei comporta que sexa "cega" ás diferenzas individuais: a lei ha de ter carácter "xeral" ser "imparcial". Prohibe toda discriminación arbitraria, baseada en diferenzas de xénero, etnia, relixión, etc. Pero é compatible coas desigualdades económicas, sociais e culturais de orixe.

3.- A xustiza social esixe compensar as desigualdades de nacemento con medidas que puideran equiparar a todos na liña de saída para competir por acadar as posición sociais máis relevantes e beneficiosas. A igualdade de oportunidades permite unha maior igualación nas oportunidades de partida para todos. Non igualdade de resultados (de chegada), que dependerán do esforzo e do talento de cada cal.

4.- Dende os sectores liberais máis radicais e críticos co Estado social as medidas sociais pro igualdade son consideradas un lastre, por xerar un gasto social improdutivo ao desincentivar o esforzo e favorecer a ineficacia. Pero esta crítica resulta inxusta, pois igualar as condicións de partida de todos aumenta o potencial de recursos humanos dispoñible socialmente, ao ofrecer a oportunidade de desenvolver talentos naturais a individuos que doutro xeito quedarían agochados.

5.- Na práctica é imposible unha verdadeira igualdade de oportunidades: certas desigualdades de orixe son dificilmente igualables. Non hai maneira posible de amañar a inmensa maioría das desvantaxes orixinadas de nacer nun lugar equivocado: a rede de amigos, a educación recibida, a socialización, a accesibilidade á información, o valor outorgado ao traballo e ao esforzo, etc., ou mesmo o feito de nacer con talento ou sen el.

6.- A esixencia de e ir máis alá da simple igualdade de oportunidades nace da necesidade de compensar con medidas sociais as desigualdades irredutibles, garantindo aos máis desafortunados unha vida digna no acceso aos bens básicos: protección aos grandes dependentes, subsidios de invalidez, desemprego, etc.

7.- As discriminacións sociais máis comúns teñen raíces profundas nas propias tradicións culturais; polo que non basta co igualdade legal; son necesarias accións positivas públicas complementarias para que a cultura da igualdade se implante nos comportamentos sociais e as actitudes discriminatorias se erradiquen dos hábitos sociais arraigados.

8.- A discriminación positiva en pro da igualdade implica medidas lexislativas dirixidas a remover obstáculos socialmente arraigados nas propias tradicións que impiden de feito que o dereito á igualdade sexa efectivo. A discriminación inversa trata de forma deliberada de ofrecer certas vantaxes a grupos tradicionalmente discriminados fronte a outros, para rectificar discriminacións xa cronificadas. Pero, tales discriminacións positivas inversas deberían ser necesariamente temporais, até corrixir tal situación..

9.- Dado que as discriminacións sociais máis comúns teñen moitas veces raíces profundas nas propias tradicións culturais, é preciso unha acción educativa a longo prazo que cambie tamén certos hábitos mentais para erradicar actitudes aínda frecuentes na nosa sociedade como, por exemplo, o machismo (que proporciona a diario vítimas) ou o racismo, que alimenta a exclusión.

10.- As abismais desigualdades entre países ricos e pobres preséntase hoxe en día no mundo globalizado como a maior inxustiza estrutural do planeta. As desigualdades, aínda observables no mundo desenvolto, vense exponencialmente acrecentadas pola escaseza de recursos nos países pobres.